

## SERVIZOS SOCIAIS

1. Posta en marcha do **Plan Soidade Cero**. Intervención directa nas situacións detectadas co obxectivo de paliar o sentimento de soidade das persoas.
2. **Atención á pobreza infantil** (rede de información en centros escolares) e como afrontala.
3. Arbitrar medidas para a creación dunha **bolsa de alugueiro social**.
4. Colaboración, coordinación e posta en marcha de **programas conxuntos con entidades sociais** a través das convocatorias de axudas para actividades complementarias.
5. **Reforzar e impulsar o programa de apoio e intervención familiar**, prestando apoio educativo e psicosocial as familias co obxectivo de detectar, prever e superar as posibles situacións de dificultade, desprotección,...
6. Seguir apostando, reforzando/ampliando e mellorando os **Programas de Conciliación**, impulsando a conciliación para a participación nas actividades municipais así como programas de respiro para familiares e cuidadores.
7. Estableceremos convenios de colaboración con entidades sociais que promovan programas de **conciliación sociofamiliar para nenos e nenas escolarizados con familias en situación de vulnerabilidade**.
8. Estableceremos como convenios de colaboración con entidades sociais que promovan programas de **acompañamento e descanso para as persoas e familias que ven afectadas por unha enfermidade**.
9. **Modernizar e reforzar os servizos sociais municipais** para responder as necesidades da cidadanía actual.
10. Potenciar a **participación das persoas con diversidade** no eido municipal, cultural, deportivo, e de ocio.
11. **Continuar co Plan de Eliminación de Barreiras** tanto físicas/arquitectónicas como sensoriais.
12. Seguir impulsando o **aprendizaxe da LSE**.
13. **Seguir impulsando a actividade do SAMI (Servizo de Atención ao Migrante)**, ofrecendo asesoramento xurídico, sanitario, social, laboral e familiar ao colectivo migrante e inmigrante retornado.
14. Favorecer e impulsar o asociacionismo migrante e inmigrante retornado facilitando espazos de encontro e poñendo en valor os **“Encontros Interculturais”** promovendo o diálogo e o intercambio cultural.
15. Impulsar o **Programa de Acolida** reforzando os programas de inserción e adaptación nos Centros Escolares.
16. **Colaboración con SOGAPS**.
17. **Impulsar o traballo do CIM como instrumento vertebrador** das políticas de igualdade no concello introducindo a perspectiva de xénero en todas as áreas de gobernanza.
18. Desenvolver campañas e **accións de sensibilización transversais** nas que se impliquen diversos axentes sociais.
19. Creación de **grupos terapéuticos para mulleres en risco** e consolidar os **obradoiros de competencias socioemocionais**.
20. **Promover o asociacionismo de mulleres** e a súa presenza na vida pública.
21. **Abordar a problemática da trata e prostitución** con un programa específico.

## PROMOCIÓN DA SAÚDE

22. Posta en marcha da **ÁREA INTEGRAL DA PROMOCIÓN DA SAÚDE** como gran área transversal na que estarían implicadas diversas concellerías (sanidade, deportes, medioambiente, turismo e urbanismo).
23. **Escola de alimentación saudable**.
24. Creación do **Plan Local de Prevención de Condutas Aditivas**.
25. **Adhesión á Plataforma Galega de Valoración da Condición Física**. Inclusión dos centros escolares de Ames e clubs deportivos.
26. **Extensión de implantación de desfibriladores a novas áreas** do concello, así como **impulsar a formación de uso dos DESA e RCP** a clubs deportivos e colectivos de risco.
27. **Esixiremos a Xunta a mellora das instalacións do Centro de Saúde de Bertamiráns** necesarias para o seu correcto funcionamento.
28. Creación dunha **liña de axudas económicas directas ás familias con membros celíacos e con metabolopatías** para facer fronte ao sobrecusto da cesta da compra.

## MOCIDADE

29. **Creación e acondicionamento de espazos cubertos públicos reservados á mocidade** nos núcleos urbanos (Bertamiráns e Milladoiro) e **acondicionamento dos centros socioculturais das parroquias**, para ser utilizados tamén como centros mozos.
30. Apoiar e impulsar o asociacionismo xuvenil. **Creación do Consello Municipal da Mocidade**.
31. **Recuperación das Festas da Xuventude e establecemento dunha comisión moza de festas**.
32. **Flexibilización e ampliación dos horarios das bibliotecas públicas**, cobrando importancia en épocas de exames.
33. Establecer unha **programación cultural específica para a mocidade, principalmente no fin de semana**.
34. **Fomentar as diferentes manifestacións e creacións culturais e artísticas** desenvolvidas polos mozos/as.
35. Creación dunha **rede de voluntariado xuvenil**, así como **promover as relacións** entre xóvenes e maiores por medio de actividades **interxeracionais**.

## ATENCIÓN VECIÑAL E RURAL

36. **Creación dun punto de atención directa en Milladoiro**. Atención á veciñanza por parte da Alcaldía e as diferentes concellarías ao longo da semana nas oficinas xerais de Milladoiro.
37. Creación dunha **oficina permanente de documentación da Policía Nacional**.
38. Posta en marcha do **Plan RURALÍZ@TE**.
39. Elaboración dun **Plan Estratégico de Mantemento das Infraestructuras Municipais** (camiños e pistas rurais, alumeadado público, mobiliario urbano, equipamentos deportivos, etc).
40. Posta en marcha do **Plan Sanea@mes**: plan de investimentos estratéxicos na rede de saneamento e abastecemento.



41. Posta en marcha do Programa de **HORTAS RURAIS**. Evitar o abandono de parcelas fértiles e aposta polos produtos ecolóxicos.
42. Posta en marcha da **2ª fase de mellora dos Locais Sociais**. Dotación de internet con conexión wifi e instalación de tarima flotante.
43. **Impulsar o desenvolvemento das concentracións parcelarias pendentes** no concello.

## CULTURA

44. Establecer unha **programación cultural estable para a infancia** (concertos didácticos, contacontos,...).
45. Fomento da **cultura alternativa para a mocidade** (arte dixital, graffiti, música electrónica, cinema, etc...).
46. **Aposta pola cultura tradicional**, garantindo e facilitando o seu acceso a todos e todas.
47. **Potenciar e mellorar a EMMA**.
48. **Impulso da Factoría** como local de ensaio, de difusión, intercambio e exposición.
49. **Seguir impulsando o Millarock** como festival de música galega contemporánea e de promoción para novos grupos e tendencias emerxentes.
50. Programa **cine de verán ao aire libre** coa reprodución de diferentes películas en distintos puntos do concello.
51. Retomar as **excursións culturais**.
52. **Impulsar as excursións “Coñece o teu País” para os maiores**.
53. Posta en marcha dunha **canle da whatsapp para a difusión da programación** das actividades culturais do concello.

## EDUCACIÓN

54. Elaboración dun **Plan de Mantemento para solucionar as deficiencias** que son competencia do concello nos Centros Escolares.
55. Promover a implantación dunha sección da **Escola Oficial de Idiomas para Ames**.
56. **Plan CONCILI@MES**. Seguir apostando, reforzando/ampliando e mellorando os Programas de Conciliación.
57. **Rematar a construción da cociña central** que nos permitirá optimizar persoal e gañar espazos de comedor.
58. **Ampliación dos servizos de conciliación** (escolas de verán) ata 2º da ESO estruturados por idades con contidos formativos e lúdicos.
59. **Colaboración, coordinación e apoio ás ANPAS** mediante asesoramento e subvencións para o seu adecuado funcionamento.
60. **Aproveitamento das instalacións e equipamentos dos centros escolares**, fora do seu horario lectivo.
61. Implantación dun programa de bolsas de estudos en idiomas. **Programa "Ames Activa Formación en Idiomas"** consistente en bolsas para estudar no estranxeiro durante o verán, dirixidas a alumnado de de 3º e 4º de ESO e de 1º e 2º cursos de Bacharelato matriculado en centros de Ames sostidos con fondos públicos.

## PROMOCIÓN ECONÓMICA

62. Crearemos o **Centro Municipal de Dinamización Empresarial**, coa finalidade de axilizar, asesorar e impulsar a creación e implantación de novas iniciativas empresariais no noso concello.
63. Elaboración dun **plan de impulso ao sector audiovisual** co obxectivo de incrementar a competitividade da industria da produción de contidos audiovisuais das empresas ubicadas en Ames.
64. Creación dunha mesa de fomento para a posta en funcionamento e radicación de empresas innovadoras **“AMESaTIC”** no noso concello.
65. Desenvolvemento do **Programa Innov@mes ligado á distinción de Ames como “Cidade da Ciencia e a Innovación”**, impulsando as actividades ligadas ás TIC, a innovación, a robótica e a transición ecolóxica.
66. Dinimizaremos a actividade comercial mediante unha **app de comercio virtual**.
67. Creación dun **polígono empresarial en Bertamiráns**.
68. Promover a consecución da **conexión do parque empresarial Novo Milladoiro coa autovía AG-56**.
69. Posta en funcionamento do **Mercado Municipal de Ames**.
70. Faremos unha forte aposta pola **potenciación do comercio de proximidade** incrementando as Tarxetas Bono.
71. Xestionaremos a **creación de prazas de aparcamento no Milladoiro e Bertamiráns**.
72. Continuaremos apostando polos **obradoiros duais de emprego** como vía de inserción laboral para as persoas desempregadas.

## URBANISMO E MOVILIDADE

73. Realizaremos actualizacións puntuais do PXOM para **dotacións de equipamentos públicos e zonas verdes**.
74. Posta en marcha dun **Plan de Actuación Integral de Conservación dos Núcleos Rurais Tradicionais**.
75. Impulsar a **creación de novos parques e zonas verdes, xunto ao reforzo e mantemento dos existentes**.
76. Desenvolveremos actuacións de **rexeneración urbana no Milladoiro mediante actuacións de reurbanización** e redefinición das Prazas de Manuel Murguía, Santander e Correos, e humanización do entorno das Rúas Estivada de Castelao e Rúa das Camelias, integrando a Praza da Madalena, o Parque de Estivada de Castelao e os espazos colindantes ás mesmas.
77. Impulsaremos a posta en marcha dun **Plan Municipal de Vivenda**, mediante a posta a disposición de parcelas de titularidade municipal para a construción de vivenda destinada ao aluguer.
78. Aposta por un **transporte urbano municipal e un transporte baixo demanda para achegar aos núcleos urbanos ás persoas que viven no rural**.
79. **Desenvolvemento do PMUS de Ames**.

## MEDIOAMBIENTE

- 80. **Fomentaremos o aforro enerxético** así como o a implantación de sistemas alternativos baseados en fontes de enerxía limpas como a utilización de paneis solares e similares.
- 81. Habilitaremos **oficinas de asesoramento enerxético** ás que poidan acceder os cidadáns para recibir asistencia por parte de persoal técnico e de apoio e que, ao mesmo tempo, organicen campañas de concienciación e información.
- 82. Promoveremos o **autoconsumo, as comunidades enerxéticas e o uso de fontes de enerxía renovable**.
- 83. **Mellorar o funcionamento da EDAR de Sisalde, así como xestionar con Augas de Galicia a súa ampliación.**
- 84. Posta en funcionamento da **Empresa Municipal da Auga**.
- 85. Creación das **redes de sendas verdes** "As ribeiras do Tambre" e "O Río Sar".
- 86. Ampliación do programa de franxas de protección do **Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais**.
- 87. **Mellora dos parques caninos.**

## TURISMO

- 88. **Potenciación do Camiño de Fisterra-Muxía, Camiño Portugués e o Camiño Muros-Noia coa súa sinalización, así como os roteiros prehistóricos, de arte e cultura tradicional e rosaliano.**
- 89. Posta en marcha da **páxina web de turismo** do Concello de Ames.
- 90. Posta en marcha da **Senda Agroturística**.
- 91. Elaboraremos un **plan de sinalización ao pe de todos os elementos patrimoniais** do concello.
- 92. Implantación dunha **rede de roteiros con distintos grados de dificultade**. Diferentes según sexan para camiñar, para bicicleta ou para persoas con problemas de mobilidade.
- 93. Implantaremos un **programa de limpeza e conservación de todos os elementos patrimoniais** municipais (lavadoiros, fontes, muíños, ...).
- 94. **Poñer en valor todo o patrimonio** etnográfico, patrimonial e cultural, así mesmo os acontecementos históricos e as lendas, creando **zonas de interés para visitar**.

## DEPORTES

- 95. **Potenciaremos as Escolas Deportivas Municipais** e a súa calidade.
- 96. Realizar o **Plan Municipal Deportivo PLAMUDE**.
- 97. Promocionaremos **competicións para distintos deportes**.
- 98. Posta en marcha de **novas infraestruturas deportivas**: construción do Complexo Deportivo do Milladoiro con distintos espazos para a práctica deportiva e unha piscina de competición. Construción dun novo Pavillón en Bertamiráns. Construción da Zona de Lanzamentos de Ventín.
- 99. Elaboración do **estudo para a recuperación do campo de fútbol de Pateiras e fincas colindantes para zona deportiva con piscina municipal descuberta**.
- 100. Implantación dun programa de **axudas destinadas a deportistas de base**.

# BLAS 2023



o noso programa  
**100 compromisos**

*Blas, Susana, Víctor, Ana, Gustavo, Uxía, Javier, Carmen, Beatriz, Ramón, Beatriz, José, Inés, Carlos, María, Santi, Elisa, Antón, Teresa, Isabel, Paco, Beiro, Ofelia, José, María*